

Semana de acollida: Suma aprender, multiplica compartir



Centro educativo e lugar:

CDP Santa María de los
Ángeles. Centro concertado.
Cooperativa de ensino.

Málaga

Data de realización:

Primeira semana de clases, do 16 ao 20 de
setembro de 2019. Esta experiencia púxose
en marcha no curso escolar 2017-2018. É o
terceiro curso que se realiza.

Persoa de contacto:

Isabel Castillo Blanco

Datos de contacto:

icastillo@santamariadelosangeles.es

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do
alumnado:

O C.D.P. Santa María de los Ángeles é un centro concertado
que desenvolve a súa actividade docente en Málaga.
<https://santamariadelosangeles.es/>

Está situado nunha barriada popular (Carranque) e o seu
alumnado procede de moi diversos puntos da cidade,
provincia e mesmo doutros lugares.

O seu titular é unha Sociedade Cooperativa, cuxo obxectivo
fundamental é a educación integral do seu alumnado.
Imparte formación regulada presencial, semipresencial,
a distancia e formación para o emprego.



A formación regulada presencial impártese en réxime de concerto educativo coa Consellería de Educación da Junta de Andalucía.

Constituíuse como cooperativa de ensino en 1984, os seus principios son aqueles sobre os que se constrúe o cooperativismo e susténtanse en valores universais: axuda mutua, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, responsabilidade social etc., valores que inspiran un método de actuación que se traduce, á súa vez, en prácticas e accións educativas concretas.

A formación regulada conta con 20 grupos, dos que 6 son grupos de bacharelato, nas modalidades de Ciencias da Saúde, Humanidades e Ciencias Sociais, que son cos que se levou a cabo esta experiencia.

O Claustro de profesorado está formado por un total de 39 persoas (16 homes e 23 mulleres), das que 15 (9 homes e 6 mulleres) están implicadas no desenvolvemento da acción que aquí se presenta.

Cómpre destacar que esta acción se dirixiu ao alumnado de Bacharelato exclusivamente e que, do total de 17 docentes que imparten neste nivel, 12 participaron activamente.

O 38% do Claustro e o 70% do profesorado de Bacharelato impulsan a acción que aquí se presenta.

Breve descripción da experiencia

En que consistiu?



Na primeira semana de curso, os tres grupos de primeiro e os tres grupos de segundo de bacharelato traballan en equipo con metodoloxía cooperativa, debate estruturado e exposicións orais sobre unha temática previamente acordada dentro do marco da Educación Transformadora e Cidadanía Global.

Que nos proponhamos?

Levar á práctica a finalidade principal do noso Proxecto Educativo:

“O centro asume como principio básico unha Educación Transformadora para a Cidadanía Global, entendida como un proceso socioeducativo continuado que promove unha cidadanía global crítica, responsable e comprometida, a nivel persoal e colectivo. Unha educación que pretende empoderar e mobilizar o conxunto da cidadanía en accións emancipadoras de transformación social, local e global, construíndo un mundo máis xusto, equitativo e respectuoso coa diversidade e o medio, no que todas as persoas poidan desenvolverse libre e satisfactoriamente”.

Partimos da realidade constatada de que o alumnado que chega a bacharelato precisa un período de adaptación a un centro novo e require apoio para integrarse nun novo grupo humano, adaptarse a novas metodoloxías, ferramentas tecnolóxicas e unhas temáticas que en moitos casos lles resultan alleas.

Partindo destas necesidades, marcámonos os seguintes obxectivos:

- Promover a Educación Transformadora para a Cidadanía Global
- Coñecer o grupo, as súas compañeiras e compañeiros
- Coñecer o profesorado
- Coñecer a dinámica do centro e adaptarse
- Coñecer as metodoloxías de traballo e asimilalas
- Coñecer as aplicacións tecnolóxicas e aprender a manexalas
- Sentirse parte deste novo grupo
- Sentir que pode superar estes novos retos
- Sentir que pode achegar ao grupo
- Integrarse na vida do centro e experimentar os seus valores



Que e como o fixemos?



En principio, reflexionar sobre as necesidades do novo alumnado e a responsabilidade do centro á hora de facilitarlles o proceso de integración.

Realizar un plan de acción que respondese ás necesidades detectadas.

Presentarlllo a un grupo de profesores/as que imparten clases en bacharelato para ver se tiñan disposición para implicarse.

Finalmente, propolo ao Equipo Directivo e ETCP.

Unha vez aprobado por estes órganos, pasamos a levar a cabo o plan.

Que logros conseguímos?



Ademais de conseguir os obxectivos propostos, o profesorado percibiu que se adianta na impartición da materia e mellora a actitude do alumnado a respecto de anos anteriores no relativo á asimilación de metodoloxías novas e á integración nos grupos.

Por outra banda, o alumnado é máis sensible e comeza a entender e a apropiarse os valores que se promoven no centro, sendo partícipe da posibilidade dunha acción transformadora na nosa realidade social.

Que elementos da estrutura escolar e do contexto pensamos que foron un apoio ou un freo para conseguir os logros?

O Equipo Directivo é un apoio, pois ve as vantaxes que achega este proxecto e considera que é unha semana que non se perde academicamente, senón que é un investimento. Por outra banda, hai que ir perfilando o papel que xoga e o seu modo de participación no proxecto.

O profesorado, na súa maioría, é un apoio, porque cre nas vantaxes deste proxecto. Só unha minoría supón un freo.

Que aprendizaxes e retos extraemos?



- A necesidade de sistematizar para poder mellorar todos os aspectos deste proceso.
- Incidir nos mecanismos avaliadores.
- Posibilidade de estender a experiencia a algúns dos ciclos formativos.
- Supón un reto buscar un tema dentro do que é o marco da EpCC que motive o alumnado e se poida conectar con diferentes disciplinas.

Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia

- Equipo de profesores e profesoras que imparten clases en Bacharelato
- Equipo Directivo

Recursos ou materiais de apoio/referencia

Vídeos, exposicións, presentacións... de mostra das exposicións finais realizadas.